

MATERIA
Morfosintaxe da Lingua Inglesa

unidade
didáctica
1

TITULACIÓN
Grao en Lingua e Literatura Inglesas

Humanidades

Introdución. As clases de palabras en inglés e os principais procesos de formación de palabras

Idoya Cancelas León
Ignacio M. Palacios Martínez

Área de Filoloxía Inglesa
Departamento de Filoloxía Inglesa e Alemá
Facultade de Filoloxía

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA





Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2021

Deseño e maquetación

J. M. Gairí

Edita

Edicións USC

usc.es/publicacions

DOI

<https://dx.doi.org/10.15304/9788419155139>

MATERIA: Morfosintaxe da Lingua Inglesa

TITULACIÓN: Grao en Lingua e Literatura Inglesas

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

Unidade I. Introdución. As clases de palabras en inglés e os principais procesos de formación de palabras

Introdución á morfosintaxe

Morfoloxía: principais procesos de formación de palabras

Sintaxe: as clases de palabras

Unidades de descrición gramatical

Unidade II. A estrutura da cláusula: complementos e modificadores. A frase verbal

O verbo

A frase verbal

Elementos da cláusula

Unidade III. A frase nominal

O nome

A frase nominal

A frase xenitiva

O proceso de nominalización

Unidade IV. A frase adxectivo e a frase adverbial

Os adxectivos

A frase adxectivo

O proceso de adxectivización

Os adverbios

A frase adverbial

Unidade V. A frase preposicional

Preposicións

A frase preposicional

Preposicións e outros tipos de palabras

ÍNDICE

PRESENTACIÓN

1. Contextualización
2. Requisitos previos e recomendacións
3. Xustificación

OBXECTIVOS

1. Obxectivos xerais da materia
2. Obxectivos específicos da unidade didáctica

CONTIDOS BÁSICOS

1. Morfoloxía: principais procesos de formación de palabras
 - 1.1. Morfoloxía flexional
 - 1.1.1. As flexións en inglés
 - 1.2. Morfoloxía léxica ou derivativa
 - 1.2.1. Afixación ou derivación
 - 1.2.2. Composición
 - 1.3. Procesos morfolóxicos secundarios
 - 1.3.1. Derivación regresiva
 - 1.3.2. Reduplicación
 - 1.3.3. Abreviacións
 - 1.3.4. Fusión ou *blending*
 - 1.3.5. Préstamos
2. Sintaxe: as clases de palabras
 - 2.1. Unidades de descrición gramatical
 - 2.1.1. Fonemas
 - 2.1.2. Morfemas
 - 2.1.3. Palabras
 - 2.1.4. Frases
 - 2.1.5. Cláusulas
 - 2.1.6. Textos/discursos
 - 2.2. Clases de palabras
 - 2.2.1. Grupos pechados
 - 2.2.2. Grupos abertos

METODOLOXÍA

1. Recursos e materiais

ACTIVIDADES PROPOSTAS

AVALIACIÓN

1. Avaliación inicial
2. Avaliación procesual
3. Avaliación final

BIBLIOGRAFÍA

1. Gramáticas e manuais
2. Páxinas Web/Websites

ANEXO

1. Exemplo de actividades de avaliación inicial



PRESENTACIÓN

1. Contextualización

A presente unidade didáctica (UD) está dedicada ao estudo da formación e clasificación das palabras en inglés e constitúe a primeira unidade introductoria da materia *Morfosintaxe da Lingua Inglesa* (G5061223), materia obrigatoria de 6 créditos que se imparte no primeiro cuatrimestre do segundo curso do *Grao en Lingua e Literatura Inglesas* (G5061V01) da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela. En concreto, esta unidade didáctica aborda o primeiro tema da materia, introducindo así dous elementos básicos de máxima importancia para o desenvolvemento do resto de unidades. Por unha banda, a formación das palabras en inglés. Por outra, as distintas clases de palabras que forman a lingua inglesa. Esta materia resulta de gran relevancia para o alumnado que desexe especializarse no campo da lingüística inglesa.

A duración total da materia é de 150 horas, computando 54 horas presenciais e 96 horas non presenciais. As 54 horas presenciais comprenden 24 horas de clases expositivas, 24 horas de clases interactivas, 3 horas de titoría e 3 horas de sesión de avaliación. Para a presente unidade didáctica, prevese unha duración aproximada de 9 horas de carácter expositivo e 6 horas de carácter interactivo.

2. Requisitos previos e recomendacións

Debido a que a materia *Morfosintaxe da Lingua Inglesa* se imparte integramente en inglés, o alumnado debe posuír un bo nivel oral e escrito da lingua, o equivalente a un nivel B2 do *Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas* (MCER) para poder seguir adecuadamente o desenvolvemento da materia. Tanto as clases como calquera tarefa encomendada ao alumnado e mesmo as probas de avaliación final serán levadas a cabo en inglés.

3. Xustificación

A importancia desta materia reside en que é a primeira do ámbito da gramática inglesa que se imparte no grao. Xunto con outras 19 materias, forma o bloque obrigatorio *Maior en Lingua e Literatura Inglesas* (G5061M02) que, cun total de 120 créditos ECTS, abrangue materias de índole literario e lingüístico da filoloxía inglesa. Posto que se trata da primeira materia na que se imparten contidos da gramática inglesa, é fundamental para acadar numerosas destrezas e competencias de gran relevancia para outras impartidas con posterioridade no anteriormente citado grao, como poden ser *Sintaxe e Semántica da Lingua Inglesa* (G5061325), impartida no segundo cuatrimestre do terceiro curso, e *Gramática e Discurso en Lingua Inglesa* (G5061426), impartida no segundo cuatrimestre do cuarto curso. Por outra banda, esta unidade será de utilidade para cubrir os principais contidos referidos á morfoloxía así como para asentar as bases para o posterior estudo da sintaxe do inglés.

OBXECTIVOS

A continuación, preséntanse tanto os obxectivos xerais que o alumnado debe acadar nesta materia para superala, como os obxectivos máis específicos da presente unidade didáctica.

1. Obxectivos xerais da materia

- I. Ler e resumir adeitadamente a bibliografía científica sobre a gramática e a sintaxe da lingua inglesa.
- II. Coñecer e valorar axeitadamente a diversidade teórica das diversas aproximacións ao estudo da morfosintaxe inglesa.
- III. Desenvolver un interese polo estudo científico da morfoloxía e da sintaxe.

2. Obxectivos específicos da unidade didáctica

- I. Familiarizarse e identificar os procesos de formación de palabras na lingua inglesa.
- II. Descompoñer e analizar unha palabra nos elementos que a forman: flexións, afixos, etc.
- III. Coñecer as distintas clases de palabras e as súas características, así como saber distinguilas.
- IV. Identificar e distinguir entre as diferentes unidades de descrición gramatical existentes no inglés.

CONTIDOS BÁSICOS

Nesta sección expóñense de forma xeral os contidos principais que se tratan na presente unidade didáctica. Como xa se mencionou con anterioridade, a unidade trata principalmente de dous aspectos básicos da gramática inglesa. Primeiramente, introdúcese a morfoloxía e os principais procesos de formación das palabras. En segundo lugar, a unidade oríentase cara a fundamentos básicos da sintaxe do inglés, distinguindo as diversas unidades de descrición gramatical e centrando a atención nunha destas unidades: a palabra.

1. Morfoloxía: principais procesos de formación de palabras

A morfoloxía defínese como a parte da gramática que estuda as regras e os procesos de formación das palabras nunha lingua. No caso do inglés, podemos distinguir dous tipos distintos de morfoloxía: a morfoloxía flexional e a morfoloxía léxica ou derivativa.

1.1. Morfoloxía flexional

A morfoloxía flexional caracterízase por engadir información gramatical a unha palabra a través das flexións, como pode ser a forma plural dun nome, a forma comparativa dun adxectivo ou a forma de pasado dun verbo.

1.1.1. As flexións en inglés

En inglés hai un total de 8 flexións, que engaden a seguinte información gramatical aos seguintes tipos de palabras:

- Nos nomes, o plural fórmase engadindo a flexión *-s*, como por exemplo *boy < boys*. Nalgúns casos pode ser *-es*, como en *fox < foxes*. En inglés tamén hai nomes que forman o plural de forma irregular, como *man < men*. Outra flexión que se aplica aos nomes é o coñecido como o posesivo a través da apóstrofe *'s* como, por exemplo, *the car of Tom < Tom's car* ou *the application of the students < students' application*.
- Tanto os adxectivos como os adverbios forman o comparativo e o superlativo engadindo flexións. No caso do comparativo, engádese a flexión *-er*, como en *fast < faster*, mentres que no caso do superlativo, a flexión que se engade ao adxectivo ou adverbio é *-est*, como en *quick < quickest*. Tamén se pode expresar a forma comparativa de modo analítico con *more/less than* como, por exemplo, *more intelligent than* ou *less expensive than*.
- Por último, os verbos contan cun total de 4 flexións dispoñibles para engadir información gramatical. Por un lado, a terceira persoa do singular do presente simple márcase coa flexión *-s*, como en *I run < she runs*. Por outro lado, o pasado simple tamén se forma engadindo unha flexión, neste caso *-ed*, como en *walk < walked*. Tamén hai verbos que forman o pasado simple de forma irregular, como *think < thought*. En terceiro lugar, utilizamos a flexión *-ed* para formar o participio pasado regular como, por exemplo, *talk < talked*, pero igual que no caso do pasado simple, moitos verbos son irregulares como, por exemplo, *be < been*. Por último, os xerundios e os participios de presente fórmanse en inglés engadindo a flexión *-ing*, como por exemplo *sing < singing*.

1.2. Morfoloxía léxica ou derivativa

Ademais da morfoloxía flexional, existe en inglés a morfoloxía léxica ou derivativa cuxa principal característica é que engade información léxica, non gramatical.

1.2.1. Afixación ou derivación

No caso da afixación ou derivación, á raíz da palabra engádeselle un afixo. Se o afixo precede á raíz, coñécese como prefixo, como *un-* en *unhappy*. Pola contra,

se o afixo segue á raíz, coñécese como sufixo, como *-ness* en *kindness*. Dependendo do afixo que se lle engade á raíz ou forma base da palabra, a palabra resultante pode pertencer a outra clase de palabra ou manterse no mesmo grupo que a súa raíz. O anteriormente mencionado prefixo *un-*, como en *unusual* (adxectivo) ou *undo* (verbo), non cambia a clase de palabra, mentres que o sufixo *-ness*, como en *sadness* (nome) ou *happiness* (nome) cámbiase a clase de palabra con respecto á forma orixinal sen afixo. Polo tanto, mentres que *sad* ou *happy* son adxectivos, o sufixo *-ness* transfórmaos nos nomes *sadness* e *happiness*. Ademais da función de manter ou cambiar a clase de palabra, é imprescindible identificar o significado do afixo. Polo tanto, o prefixo *un-* dá un valor ou significado negativo á palabra á que se afixa, mentres que o sufixo *-ness* indica o estado ou calidade.

1.2.1.1. Conversión ou derivación cero

A conversión ou derivación cero constitúe un caso particular de derivación polo cal se forma unha nova palabra sen engadir ningún tipo de afixo ou de calquera outro elemento. Claros exemplos de conversión son as seguintes palabras: *answer*, *bottle* ou *peel*, as cales poden ser tanto nomes como verbos.

Similar á conversión é o proceso de conversión parcial. Neste caso, aínda que a forma da palabra non varía, a súa acentuación si. Algúns exemplos de conversión parcial son *insult*, *increase*, *record* ou *progress*. Estas palabras pertencen á clase dos verbos cando se acentúan na última sílaba, mentres que se a acentuación recae na primeira sílaba, estas mesmas palabras pertencen á clase dos nomes.

1.2.2. Composición

As palabras compostas son unidades léxicas que consisten en máis dunha base pero que funcionan gramaticalmente e semanticamente como unha única unidade, por exemplo, *motorcycle* > *motor* + *cycle* ou *sunset* > *sun* + *set*. Dependendo da clase de palabra á que pertence a palabra composta resultante, pódense distinguir tres tipos de palabras compostas:

- Nomes compostos, como *headache* ou *window-cleaner*.
- Adxectivos compostos, como *heartfelt* ou *well-meant*.
- Verbos compostos, como *daydream* ou *hand-wash*.

1.3. Procesos morfolóxicos secundarios

Ademais dos procesos de formación de palabras mencionados nos apartados anteriores, tamén debemos ter en conta os seguintes procesos secundarios.

1.3.1. Derivación regresiva

Este proceso caracterízase por formar novas palabras a partir dunha base aparentemente máis complexa, eliminando partes da palabra que se consideran afixos (supostos ou reais). A derivación regresiva é moi produtiva nos chamados verbos denominais, *i.e.* verbos formados a partir de bases nominais. Claros exemplos de derivación regresiva en inglés son o verbo *edit*, formado a partir do nome *editor*, ou o verbo *diagnose*, formado a partir do nome *diagnosis*.

1.3.2. Reduplicación

As palabras reduplicadas son un tipo particular de composto no que as bases que forman a nova palabra composta son practicamente idénticas. Claros exemplos de palabras reduplicadas son: *walkie-talkie*, *ping-pong* e *flip-flop*.

1.3.3. Abreviacións

A abreviación é un proceso de formación de palabras polo cal unha ou máis palabras aparece representada por unha nova palabra abreviada. Pódense distinguir varios tipos de abreviacións na gramática da lingua inglesa.

1.3.3.1. Truncamentos

Denomínase truncamento ao proceso de formación de palabras que consiste na redución ou acurtamento dunha palabra a unicamente unha das súas partes, como *maths* > *mathematics*, *photo* > *photograph* ou *phone* > *telephone*. Este tipo de abreviación é moi frecuente na linguaxe informal ou coloquial.

1.3.3.2. Acrónimos

Os acrónimos son un tipo de abreviación polo que se forma unha nova palabra a partir das iniciais das palabras que conforman dito acrónimo. Por exemplo, o acrónimo *PIN* está formado polas iniciais das palabras *Personal Identification Number*. Os acrónimos pronúncianse como unha soa palabra.

1.3.3.3. Alfabetismos

Os alfabetismos son un tipo de abreviación similar aos acrónimos xa que se forman a partir das iniciais das palabras que o conforman. Porén, no caso dos alfabetismos non se pronuncia como unha palabra senón como unha secuencia de letras, por exemplo *USA* (*United States of America*).

1.3.4. Fusión ou *blending*

Os denominados *blends* son palabras compostas cuxa orixe reside na fusión dunha palabra con outra. Claros exemplos de *blends* na lingua inglesa son *smog* > *smoke* + *fog* ou *brunch* > *breakfast* + *lunch*.

1.3.5. Préstamos

Os préstamos son palabras que se incorporan no léxico dunha lingua en particular, neste caso do inglés, a partir doutras linguas. Algunhas destas palabras sofren adaptacións na pronunciación e/ou na escrita unha vez introducidas na outra lingua. Algúns exemplos de préstamos que podemos atopar na lingua inglesa son: *karaoke* (do xaponés), *siesta* (do castelán), *umbrella* (do italiano) ou *ketchup* (do chinés).

2. Sintaxe: as clases de palabras

A sintaxe é o ámbito da gramática que estuda a orde e a combinación das palabras nunha lingua, así como as funcións que cumpren ditas palabras. Para poder comprender o comportamento das palabras nunha lingua é importante saber distinguir as unidades de descrición gramatical de forma xeral, e dun xeito máis específico saber identificar e diferenciar as clases de palabras.

2.1. Unidades de descrición gramatical

É primordial para o estudo da gramática clasificar as unidades que a conforman, de menor a maior complexidade, dende os fonemas ata os textos.

2.1.1. Fonemas

Entendemos por fonema a unidade fonolóxica mínima nunha lingua. Isto será obxecto de estudo na materia *Fonética e Fonoloxía da lingua inglesa*.

2.1.2. Morfemas

Os morfemas son as unidades máis pequenas dunha lingua que teñen significado. Os morfemas non poden ser divididos en unidades significativas. Podemos distinguir dous tipos de morfemas distintos en inglés, baseándonos na súa independencia. Por un lado, os morfemas independentes ou libres son aqueles que forman unha palabra en si mesmos, como *house* ou *garden*. Por outro lado, os morfemas dependentes ou ligados son aqueles que precisan unirse a outro morfema para poder completar o seu significado, como *-less* en *speechless*, *mis-* en *misspell* ou *re-* en *redo*.

2.1.3. Palabras

As palabras son as unidades de expresión que os falantes nativos dunha lingua recoñecen de forma intuitiva. As palabras teñen un significado fixo e contan cunha categoría gramatical. En base ao significado e á función das palabras, pódense clasificar en 3 categorías distintas:

- Palabras léxicas: son as principais portadoras do significado nun texto, como *house*, *car* ou *slowly*. Xeralmente están acentuadas fonicamente.
- Palabras funcionais/gramaticais: a súa función principal é indicar a relación entre as palabras léxicas ou indicar de que forma debe ser tratada certa palabra léxica, como poden ser *in*, *out* ou *at*.
- *Inserts*: os *inserts* defínense como palabras incapaces de construír relacións sintácticas con outras estruturas (cf. Biber *et al.* 1999: 1082). A súa función é transmitir significados emocionais e interaccionais como, por exemplo, *hmm*, *cheers*, *yeah* ou *please*.

2.1.4. Frases

As frases son constituíntes gramaticais formados por unha ou máis palabras e conteñen unha palabra central, a cal da nome ao tipo de frase. Por exemplo, na frase *the young boy*, formada polo determinante artigo *the* + o adxectivo *young* e o nome *boy*, o elemento máis importante é este último, o nome *boy*, polo que estaríamos falando dunha frase nominal. En inglés podemos distinguir un total de 6 frases distintas, dependendo do elemento central:

- Frase nominal (*noun phrase*, NP): ***That dog is really big.***
- Frase adxectival (*adjective phrase*, AdjP): *she is **very rich.***
- Frase adverbial (*adverbial phrase*, AdvP): *They drove **very slowly.***
- Frase verbal (*verbal phrase*, VP): *It **has been raining** for quite some time.*
- Frase preposicional (*prepositional phrase*, PP): *I'll see you **in the morning.***
- Frase xenitiva (*genitive phrase*, GP): ***Peter's car is quite big.***

O elemento ou palabra central de cada tipo de frase é facilmente deducible grazas ao seu nome. Nas unidades didácticas seguintes céntrase a atención de forma individual en cada unha das frases previamente listadas.

2.1.5. Cláusulas

As cláusulas ou oracións son unidades estruturais máis longas nas que se organiza unha lingua. Normalmente conteñen un elemento verbal central que goberna a cláusula e unha oración pode estar formada por máis dunha cláusula. Dependendo da estrutura interna das propias cláusulas, podemos distinguir tres tipos de cláusulas, as cales se explican detalladamente na unidade didáctica 2.

- Cláusula/oración simple (*simple clause/sentence*): como en *some people referred to it*, que soamente contén un elemento verbal principal.

- Cláusula/oración complexa (*complex clause/sentence*): como en *it was raining when we left*, que contén dous elementos verbais, aínda que o segundo (*left*) e toda a súa oración (*when we left*) é dependente ou subordinado da primeira oración (*it was raining*). O elemento subordinador é *when*.
- Clausula/oración composta (*compound clause/sentence*): como en *Tim is a journalist and Pat is a doctor*, que contén dous elementos verbais pero neste caso son independentes entre si, xa que o elemento que os une é *and*, un coordinador.

2.1.6. Textos/discursos

Os textos ou discursos son coleccións de material escrito ou falado que son coherentes e cohesivos. Cando un texto é coherente, percibímolo como unha unidade lingüística xa que non se trata dunha sucesión inconexa de palabras ou frases. En canto á cohesión do textos, dicimos que un texto ten cohesión cando está ben organizado e estruturado, para o cal utilizamos marcadores discursivos. Cabe destacar que un texto pode ser coherente e non ter cohesión se o que se expón nel ten sentido pero non está formalmente organizado, ou cohesivo e non coherente se o que nel se expón está formalmente ben organizado e estruturado pero a composición non ten sentido en si mesma.

2.2. Clases de palabras

Anteriormente definiuse *palabra* como a unidade de expresión que os falantes dunha lingua recoñecen de forma intuitiva. Tamén se facilitou unha clasificación das palabras tomando como base o seu significado e función. A continuación, procederemos a clasificar as palabras dependendo de se son grupos pechados ou abertos, *i.e.* se dentro dun grupo ou clase de palabras se poden crear ou engadir novos elementos ou non. Cabe destacar que unha palabra pode pertencer a máis dunha clase como, por exemplo, a palabra *clean*, que pode ser un adxectivo ou un verbo.

2.2.1. Grupos pechados

No caso dos grupos pechados, como o seu propio nome indica, son grupos nos que a creación de novos elementos resulta moi complicado e nada habitual. Dentro deste grupo atopamos as seguintes clases de palabras.

2.2.1.1. Determinantes

Os determinantes son elementos clave na frase nominal xa que cando un determinante acompaña a un nome, estes dous xuntos pasan a formar a frase

nominal. En inglés hai moitos tipos de determinantes, entre os cales se pode enumerar os seguintes:

- Artigos. Poden ser definidos (*definite article*), como *the*, ou indefinidos (*indefinite article*), como *a*, *an*.
- Numerais (*numerals*). Poden ser cardinais (*cardinals*), como *one* ou *nine*, ou ordinais (*ordinals*), como *first* ou *ninth*.
- Cuantificadores (*quantifiers*), como *some*, *many*, *a lot of* ou *few*.
- Frases xenitivas (*genitive phrases*).
- Posesivos (*possessives*), como *my*, *your*, *his* ou *their*.
- Demostrativos (*demonstratives*), como *this* ou *that*.

2.2.1.2. Preposicións

As preposicións son palabras invariables que se caracterizan por gobernar sobre un complemento. Normalmente, o complemento segue á preposición, mais nalgunhas ocasións, como nas oracións interrogativas, é posible que o complemento non siga á preposición. Un claro exemplo dunha preposición seguida polo seu complemento é *in the car*, onde *in* é a preposición e *the car* é o seu complemento, formando unha frase preposicional. Porén, na oración interrogativa *who are you talking to?* a preposición *to* goberna un complemento (*who*) que neste caso non segue ao seu elemento gobernante. Neste caso fálase en inglés de *preposition stranding* xa que a preposición se deixa soa.

En inglés podemos clasificar as preposicións segundo a súa forma en simples, como *at*, *for* ou *since*, ou complexas, como *away from*, *next to* ou *out of*.

2.2.1.3. Coordinadores

Os coordinadores son palabras que poden enlazar outras palabras, frases ou cláusulas que son independentes. En inglés podemos distinguir entre os *central coordinators*, como *and*, *or* ou *but*, e os *quasicoordinators*, como *as well as*.

2.2.1.4. Subordinadores

A diferenza dos elementos coordinadores, os cales poden conectar palabras, frases ou cláusulas, no caso dos subordinadores, os únicos elementos que poden enlazar son cláusulas. Neste caso, a cláusula introducida polo subordinador é dependente doutra cláusula principal ou matriz. A lista de subordinadores en inglés é moi ampla, pero algúns dos máis utilizados son *although*, *because*, *if*, *since*, *that*, *until* ou *when*.

2.2.2. Grupos abertos

Pola contra, no caso dos grupos abertos, a creación de novos elementos é algo moi habitual e recorrente na lingua. Dentro deste grupo atopamos as seguintes clases de palabras.

2.2.2.1. Nomes

Os nomes son a clase de palabras que identifican os elementos do mundo que nos rodea. Xunto co verbo, son as categorías centrais da lingua. En inglés podemos clasificar os nomes dependendo de varios aspectos, como os seguintes:

- Nomes comúns (*common nouns*), como *cat* ou *table*.
- Nomes propios (*proper nouns*), como *John* ou *Oregon*.
- Pronomes (*pronouns*). Os pronomes son un subtipo de nomes, e inclúen palabras como *I*, *he*, *it*, *we* e *they*.
- Nomes colectivos (*collective nouns*), como *herd* ou *hive*. A pesar de seren palabras singulares, este tipo de nomes expresa unha colección ou agrupación de obxectos, animais ou persoas.
- Nomes contables (*countable nouns*), como *car* ou *pencils*. Son aqueles nomes que se poden contar e polo tanto teñen forma singular ou plural.
- Nomes incontables (*uncountable nouns*), como *sugar* ou *money*. Son aqueles nomes que non se poden dividir e polo tanto son tratados como formas singulares. Para poder contabilizarse, debemos utilizar algunha palabra ou expresión con valor partitivo. Por exemplo, a palabra *water* é incontable, mentres que *a glass of water*, *a bottle of water* ou *a liter of water* son contables, xa que especificamos unha cantidade de agua en particular.

2.2.2.2. Verbos

O verbo é unha das clases de palabras máis importantes e serve para expresar accións, procesos ou estados. É o elemento que vai determinar o tipo de cláusula en función da súa complementación, de tal xeito que podemos distinguir os seguintes patróns de complementación:

- Monotransitivo (*monotransitive*), como *I saw Mary in the cinema*, onde *Mary* é o complemento ou obxecto directo do verbo *saw* (*see*).
- Intransitivo (*intransitive*), como *they were running very fast*, onde o verbo *were running* (*run*) non goberna ningún complemento directo. En cambio, tamén poderíamos dicir *they were running a marathon*, e neste caso o verbo *run* sería monotransitivo xa que *a marathon* constituiría o seu obxecto directo.
- Copulativo ou intensivo (*copulative/intensive*), como *she was exhausted*, onde o verbo *was* (*be*) goberna un complemento que se refire ao suxeito: o atributo (*subject complement* ou *predicative complement of the subject*).

- Ditransitivo (*ditransitive*), como *we gave him a present*, onde o verbo *gave* (*give*) goberna dous obxectos. Por un lado, o obxecto indirecto *him*. Por outro, o obxecto directo *a present*.
- Transitivo complexo (*complex transitive*), como *they elected her president of the party*, no que o verbo *elected* (*elect*) goberna dous complementos. Por un lado, o obxecto directo *her*. Por outro lado, o complemento predicativo do obxecto directo, similar ao atributo pero que neste caso se refire ao obxecto directo e non ao suxeito. Este complemento predicativo (*object complement* ou *predicative complement of the object*) é *president of the party* e refírese a *her*.

En canto ao tipo de verbos, podemos distinguir entre os seguintes:

- Verbos léxicos (*lexical verbs*): denotan significado léxico, por exemplo, *eat*, *drink* ou *sleep*.
- Verbos auxiliares (*auxiliary verbs*): poden ser de dous tipos: auxiliares primarios (*primary auxiliaries*), os cales xogan un papel moi importante na lingua e son *be*, *do* e *have*, e os verbos modais (*modal verbs*), entre os que podemos distinguir os principais, como *can*, *could*, *might*, *will*, *would*, etc. e os marxinais ou menos comúns, como *need* ou *ought to*.
- Por último, os verbos semi-auxiliares, como poden ser *be about to* (+ infinitivo) ou *be to* (+ infinitivo).

2.2.2.3. Adxectivos

Os adxectivos son unha clase de palabra que se utiliza para expresar cualidades dos nomes aos que acompañan. En inglés podemos distinguir tres tipos de adxectivos:

- Atributivo (*attributive*), como *Tom is a nice guy*. Neste caso o adxectivo *nice* vai antes do nome ao que cualifica (*guy*).
- Predicativo (*predicative*), como *Tom is nice*. Neste caso, o adxectivo *nice* non acompaña ao nome senón que forma parte do predicado. *Nice* nesta oración é un complemento do verbo *is* (*be*) e polo tanto é un complemento predicativo do suxeito (*predicative complement of the subject*).
- Pospositivo (*postpositive*), como *the people involved* ou *someone special*. Neste caso, os adxectivos *involved* e *special* aparecen despois do nome ao que acompañan (*people* e *someone*).

2.2.2.4. Adverbios

Os adverbios son palabras invariables que complementan o significado dun verbo, dun adxectivo ou doutro adverbio. En inglés, unha gran cantidade de adverbios fórmanse a partir de adxectivos engadíndolle o sufixo *-ly*, como *happy* (adxectivo) < *happily* (adverbio) ou *sad* (adxectivo) < *sadly* (adverbio). Porén, hai que ter coidado con algunhas palabras que parecen adverbios derivados de adxectivos ao engadirilles o sufixo *-ly*. Este é o caso, por exemplo, do adxectivo *coward*, o cal deriva doutro adxectivo (e non nun adverbio, como cabería esperar) ao engadirille o sufixo *-ly*: *cowardly*.

Alguns adverbios admiten gradación, como os adxectivos, por exemplo: *soon*, *sooner*, *soonest*. Tamén poden ser graduados grazas a adverbios tales como *very* ou *extremely*: *very slowly* ou *extremely slowly*.

Finalmente, os adverbios poden ser de varios tipos, dependendo da súa semántica. Entre outros, cabe destacar os seguintes:

- Adverbios de tempo, como *late*, *soon*, *tomorrow* ou *immediately*.
- Adverbios de grao, como *as*, *how*, *much* ou *pretty*.
- Adverbios de lugar, como *here* ou *there*.
- Adverbios de modo, como *carefully* ou *slowly*.
- Adverbios de duración, como *long*.

METODOLOXÍA

Toda a materia en xeral, e esta unidade en particular, impartirase da seguinte maneira. Por un lado, as clases teórico-expositivas servirán preferentemente para presentar o obxecto de estudo do día por parte do profesorado. Estas clases estarán dedicadas á explicación e análise dos contidos que se porán en práctica nas clases interactivas.

Por outro lado, as clases interactivas (seminarios en grupos reducidos de máximo 20-25 alumnos), terán un carácter moito máis práctico no que o alumnado realizará tarefas relacionadas coa parte teórica da unidade. Deste xeito, o alumnado porá en práctica os coñecementos adquiridos durante as clases expositivas, o que permitirá ao profesorado resolver calquera dúbida que poida xurdir durante a realización das actividades. Durante estas clases tamén se levará a cabo a lectura de pequenos textos da bibliografía coa intención de promover a súa discusión entre o alumnado.

De todos xeitos, a división entre as clases teórico-expositivas e as interactivas non é total xa que en ambas as clases se abordarán cuestións de índole teórico e práctico.

Finalmente, o alumnado tamén terá dispoñible un horario de titorías para resolver dúbidas ou tratar calquera outra cuestión relacionada coa unidade didáctica e coa materia de forma máis xeral. Estas titorías levaranse a cabo, dentro do posible, de forma presencial, aínda que tamén se poderán realizar telematicamente a través de calquera ferramenta ou aplicación institucional, como *Microsoft Teams*.

1. Recursos e materiais

Para o correcto desenvolvemento desta unidade didáctica empregárase o canón das aulas, o que permitirá ao alumnado seguir as explicacións do profesorado, quen pode utilizar presentacións, vídeos, documentos, etc., nestas explicacións. Adicionalmente, todos estes materiais estarán dispoñibles na Aula Virtual da materia para que o alumnado poida acceder a eles cando así o precise. O alumnado tamén terá dispoñible unha serie de enlaces web de gran interese para certas actividades propostas, como pode ser o atlas electrónico *eWAVE* ou o *Oxford English Dictionary*. Os materiais en xeral e algunhas destas ligazóns web en particular fomentarán a aprendizaxe autónoma entre o alumnado.

ACTIVIDADES PROPOSTAS

Na temporalización da unidade didáctica contémpanse un total de 12 horas, divididas de forma equilibrada entre os compoñentes teórico e práctico. Polo tanto, co obxectivo de aplicar os contidos teóricos expostos na unidade didáctica, dedícanse un total de 6 horas de clases interactivas á realización de actividades de carácter práctico, o que permitirá ao alumnado afondar nos contidos, resolver calquera dúbida que poida xurdir e mellorar a comprensión xeral dos contidos da unidade. Entre os exercicios máis apropiados para este fin, cabe destacar os seguintes:

- **Exercicio 1:** *Analiza morfoloxicamente as seguintes palabras.* Este tipo de exercicio permítelle ao alumnado poñer en práctica a primeira parte da unidade, na que se trata o proceso de formación das palabras. Neste caso, o alumnado debe identificar cal é a forma base da palabra, identificar posibles flexións ou afixos e identificar que proceso de formación de palabra afecta a unha palabra en concreto.
- **Exercicio 2:** *Identifica a categoría/clase das seguintes palabras.* Este tipo de exercicio permítelle ao alumnado poñer en práctica a segunda parte da unidade, na que se expoñen e clasifican as clases de palabras en inglés.
- **Exercicio 3:** *Cantos verbos auxiliares hai nas seguintes oracións? Identifícaos e clasifícaos en primarios ou modais.* Novamente, este exercicio permítelle ao alumnado poñer en práctica parte dos contidos da segunda metade da unidade, en particular os relativos ao verbo. Ademais de identificalos nunha oración, deben determinar de que tipo son.
- **Exercicios de repaso.** Por un lado, fórmulanse unha serie de preguntas de resposta curta do estilo: *que é un determinante? Pon algún exemplo ou que é unha frase xenitiva? Pon algún exemplo e análzao.* Por outro lado, tamén se lles presenta unha serie de afirmacións do estilo seguinte: *O inglés é unha lingua flexional ou o verbo do é tanto un verbo léxico como un verbo auxiliar.* Neste caso deben determinar se estas afirmacións son verdadeiras ou falsas e xustificar a súa resposta.

AVALIACIÓN

A presente unidade didáctica avaliase segundo o sistema de avaliación continua, no cal a cualificación resultante da suma dos aspectos avaliábles se corresponderá coa nota final da materia. Polo tanto, a nota final da materia dependerá de dous aspectos:

- A proba de avaliación final, que se corresponde co 70 % da cualificación final. Para aprobar a materia é preciso ter aprobada esta proba.
- Entrega de exercicios e traballos e participación activa, que se corresponde co 30 % restante. Ademais, a asistencia a clase é obrigatoria.

1. Avaliación inicial

Ao tratarse da primeira unidade didáctica da materia, é preciso saber en que punto de partida está o alumnado, cales son os seus coñecementos previos sobre a materia e cal é o nivel de homoxeneidade do grupo. Para isto, nas primeiras sesións da materia, que se corresponden tamén coas primeiras sesións desta unidade introdutoria,

os alumnos fan unha serie de actividades para determinar os seus coñecementos (véxase anexo 1). Isto, ademais de axudar ao profesorado a establecer o punto de partida e as necesidades do alumnado, tamén é de grande utilidade para o alumnado xa que lles permite facerse unha idea dos contidos que van ser tratados ao longo do curso en xeral e ao longo da unidade didáctica de xeito máis específico e inmediato.

2. Avaliación procesual

Ao longo da unidade didáctica, o alumnado fará unha serie de exercicios e tarefas, incluíndo tanto exercicios para corrixir durante a clase como tarefas para entregar ao profesorado. En ambos os casos, o alumnado recibe retroalimentación do proceso de aprendizaxe, o que lle permite comprobar o seu nivel de comprensión dos contidos xa expostos e resolver ou aclarar posibles dúbidas.

3. Avaliación final

Ademais da proba final na que se avaliarán conxuntamente os contidos desta unidade didáctica e das catro posteriores, ao seu remate, o alumnado terá dispoñible un cuestionario tipo test a modo de repaso dos contidos expostos na unidade.

BIBLIOGRAFÍA

1. Gramáticas e manuais

- Bauer, Laurie. 1983. *English Word-formation*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Biber, D., Conrad, S. & Leech, G. 2002. *Longman Student Grammar of Spoken and Written English*. Harlow: Longman.
- Greenbaum, S. & Quirk, R. 1991. *A Student's Grammar of the English Language*. London: Longman.
- Huddleston, R. & Pullum, G. 2005. *A Student's Introduction to English Grammar*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Matthews, P.H. 1991. 2nd edition. *Morphology*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Plag, Ingo. 2003. *Word-formation in English*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Quirk, R. et al. 1985. *A University Grammar of English*. London: Longman.

2. Páxinas Web/Websites

- Englicious org: English Language Resources for Schools <http://www.englicious.org/>>
- Linguistics Research Digest <http://linguistics-research-digest.blogspot.com.es/>>
- Grammar Quizzes. Practice on Points of English Grammar <http://www.grammar-quizzes.com/sentsum.html>>
- Clause Analysis for Students <https://aggslanguage.wordpress.com/clause-analysis-for-students/>>
- Clause Quiz http://www.csus.edu/owl/index/sent/clause_quiz.htm

ANEXO

1. Exemplo de actividades de avaliación inicial:

Preliminary task. Test your knowledge of English grammar

I. Give an example of the following categories:

- Pseudoanglicism
- Compound adjective
- English noun used in current Spanish/Galician
- Conversion from noun to verb
- Derivational noun by suffixation
- Loan word

II. Analyse morphologically the following words:

- *Retake*
- *Mislead*
- *Cost-cutting*
- *Brunch*
- *Pro-Brexit*
- *Wishy-washy*
- *Ageless*
- *Undermine*
- *UN*
- *Handover*
- *Sunbathe*
- *Easier*

III. What is the category (noun, noun phrase, verb phrase, preposition, etc.) of the following:

- *During the first lockdown, local mutual aid groups became a rare source of affirmation that not everything in the world was terrible*
- *There's not an awful lot you can do about the pandemic from your living room*
- *Pretty good*
- *Dead easy*
- *About 380 pilot whales were confirmed dead in Tasmania's west on Wednesday afternoon with rescuers fighting to save the remaining 30 that are still alive*



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

